



Concello de Guitiriz

CERTIFICADO

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
790/2016	A Xunta de Goberno Local

**Rafael José del Barrio Berbel, EN CALIDADE DE SECRETARIO DESTE ÓRGANO,
CERTIFICO:**

Que, na sesión desenvolvida o 30 de decembro de 2016 se adoptou o seguinte acordo:

APROBACION DAS BASES DA CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL AO AMPARO DO PROGRAMA DEPUEMPREGO 2016-2017, MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICION..Expediente 790/2016.

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 3/08/2016 aprobouse polo Concello de Guitiriz o convenio de colaboración coa Deputación de Lugo para para a execución de obras, servizos e creación de emprego ao abeiro do "Programa Depuemprego", cunha asignación de 68.315,51 euros. O convenio que foi asinado polos representantes de cada administración o día 23/09/2016.

En cumprimento das obrigas que corresponden ao Concello de Guitiriz deberá realizarse o correspondente proceso selectivo previa aprobación das bases do proceso conforme aos criterios e condicións recollidos no convenio.

As contratacións están financiadas ao 100% pola subvención concedida polo Convenio de Colaboración asinado coa Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Guitiriz para a execución de obras, servizos e emprego ao abeiro do programa DEPUEMPREGO. A contía das retribucións e cotas da Seguridade Social serán imputables ás partidas do orzamento corrente de gastos do Concello de Guitiriz.

O Concello considerou necesario e conveniente os seguintes postos de traballo en servizos distintos servizos municipais, e se deu traslado á Deputación de Lugo dunha memoria de necesidades de persoal e custes en data 7/09/2016, nos seguintes termos:

1.- SERVICIO DE MEDIO AMBIENTE E INFRAESTRUTURAS

O servizo municipal de medio ambiente e infraestruturas é un servizo público esencial, que ten adscritas funcións prioritarias, en particular o mantemento de parques, xardíns públicos, xestión de residuos sólidos urbanos, mantemento das infraestruturas viarias e equipamentos da súa titularidade etc.

Vistas as dificultades por parte do concello para poder contratar persoal, o servizo de medio ambiente non conta con persoal suficiente sobre todo para manter en bó estado das rúas, parques, xardíns etc. e por outro lado tampouco non dispón de persoal para atención no transporte do Centro de Día, e de conserxería nos distintos centros, pavillón municipal, atención a peregrinos etc.

Concello de Guitiriz

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 Lugo. Tfno. 982370109. Fax: 982372178

Rafael José del Barrio Berbel (1 para 2)
Secretario
Data de Sinatura: 30/12/2016
HASH: ce0f1b5cce3b2e9ce9f0a74db30010

Regina Polín Rodríguez (2 para 2)
Alcaldesa de Guitiriz
Data de Sinatura: 30/12/2016
HASH: a84f7517b47341dd2cbe0530cc19ce50



Cod. Validación: 9CGX27F2RG32TK2KQ2ZRF4Y | Corrección: http://guitiriz.sedelectronica.gal/ | Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 17



Concello de Guitiriz

Neste caso propoñense as seguintes contratacións:

a.- 2 peóns de servizos múltiples por un periodo de 9 meses a xornada completa para o mantemento da estradas urbanas de Guitiriz e Parga.

b.- 1 Conserxe condutor/a por un periodo de 12 meses a xornada completa para atención nos servizos municipais de Centro de Día, actividades no Pavillón municipal, peregrinos e actividades culturais.

2.- SERVIZO DE PROMOCIÓN DA CULTURA E NOVAS TECNOLOXÍAS

Dende fai anos a biblioteca de Guitiriz non está en funcionamento, nin aberta para o público nin tampouco se programan actividades culturais, en canto ao arquivo municipal dende fai tres anos está sin actualizar o que supón un gran prexuízo para esta administración e que repercute na cidadanía.

Neste caso propoñense as seguintes contratacións:

a.- 1 arquivista/a por un periodo de 6 meses a xornada completa para poner ao día o arquivo municipal, axilizando así a tramitación de expedientes.

b.- 1 Dinamizador/a sociocultural por un periodo de 6 meses a xornada completa para poner en marcha a biblioteca e coordinar e programar actividades culturais.

Por providencia de alcaldía de data 24/10/2016 incoase expediente para a selección de persoal laboral temporal de duración determinada para os seguintes postos de traballo ao amparo do convenio de colaboración coa Deputación de Lugo para para a execución de obras, servizos e creación de emprego ao abeiro do "Programa Depuemprego", cunha asignación de 68.315,51 euros:

- SERVIZO DE MEDIO AMBIENTE E INFRAESTRUTURAS:

- 2 peóns de servizos múltiples por un periodo de 9 meses a xornada completa para o mantemento da estradas urbanas de Guitiriz e Parga.

-1 Conserxe-condutor por un periodo de 12 meses a xornada completa para atención nos servizos municipais de Centro de Día, actividades no Pavillón municipal, peregrinos e actividades culturais.

- SERVIZO DE PROMOCIÓN DA CULTURA E NOVAS TECNOLOXÍAS:

- 1 arquivista por un periodo de 6 meses a xornada completa para poner ao día o arquivo municipal, axilizando así a tramitación de expedientes.


- 1 Dinamizador sociocultural por un periodo de 6 meses a xornada completa para poner en marcha a biblioteca e coordinar e programar actividades culturais.

Por escrito da alcaldía de data 13/12/2016 comúnicase á Deputación de Lugoa necesidade de reaxustar a duración das contratacións para poder cumprir os prazos da subención, xa que na clausula novena do convenio figura como data limite de vencemento do programa o 30 de outubro de 2017, polo que non sería posible estender as contratacións de Conserxe-condutor/a ata 12 meses, e dos peóns de servizos múltiples ata 9 meses, debendo reducilas a un prazo prudencial de 6 meses.

Vistas as bases redactadas para a selección de persoal laboral temporal de duración determinada ao amparo do convenio de colaboración coa Deputación de Lugo para para a execución de obras, servizos e creación de emprego ao abeiro do "Programa Depuemprego".

Concello de Guitiriz

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 Lugo. Tfno. 982370109. Fax: 982372178



Cod. Validación: 9C66XZ7R2RG32TK2KQZ2RFE4Y | Corrección: <http://guitiriz.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 17



Concello de Guitiriz

Visto o informe xurídico de secretaria de data 19/12/2016.

O Real Decreto-Lei 20/2011, do 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público; e as sucesivas Leis de Orzamentos Xerais do Estado para o anos 2013, 2014, 2015 e 2016 establecen que con carácter xeral as administracións públicas non poderán incorporar de novo persoal temporal, agás en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais. O artigo 3 da Circular interpretativa da Dirección Xeral da Administración Local da Xunta de Galicia matizaba (aínda que sen rango legal) que tamén poderían excepcionarse aqueles postos de traballos que sexan financiados ao 100% por outras administracións públicas.

Considerando o disposto no Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por RDL 5/2015, de 30 de outubro; a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido de disposicións vixentes en materia de réxime local; a Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia; o Texto Refundido do Estatuto dos traballadores aprobado por RDL 2/2015, do 23 de outubro, e demais normativa concordante.

Considerando o establecido nos artigos 21.1 h), da Lei 7/1985, de 2 de abril de Bases do Réxime Local, e 61.1h) da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia, que atribúen á Alcaldía a xefatura superior de todo o persoal, e a resolución de alcaldía de data 26/06/2015 de delegacións de atribucións na Xunta de Goberno Local.

Visto o informe de fiscalización de intervención de data 26/12/2016.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, ACORDA:

PRIMEIRO.- Declarar como servizos esenciais os servizos municipais de medio ambiente e infraestruturas e o servizo de promoción da cultura e novas tecnoloxías.

O servizo municipal de medio ambiente e infraestruturas é un servizo público esencial, que ten adscritas funcións prioritarias, en particular o mantemento de parques, xardíns públicos, xestión de residuos sólidos urbanos, mantemento das infraestruturas viarias e equipamentos da súa titularidade etc. O servizo de medio ambiente non conta con persoal suficiente sobre todo para manter en bó estado das rúas, parques, xardíns etc. e por outro lado tampouco non dispón de persoal para atención no transporte do Centro de Día, e de conserxería nos distintos centros, pavillón municipal, atención a peregrinos etc.

En canto ao servizo de promoción da cultura e novas tecnoloxías, dende fai anos a biblioteca de Guitiriz non está en funcionamento, nin aberta para o público nin tampouco se programan actividades culturais, polo que é preciso un animador sociocultural. En canto ao arquivo municipal dende fai tres anos está sin actualizar o que supón un gran prexuízo para esta administración e que repercute na cidadanía, polo que é necesario un arquiveiro.

SEGUNDO.- Aprobar as seguintes bases para a selección de persoal laboral temporal para

Concello de Guitiriz

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 Lugo. Tfno. 982370109. Fax: 982372178



Cod. Validación: 9CG6X27F2RG32TK2KQZRF2EAY | Corrección: <http://guitiriz.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 17



Concello de Guitiriz

distintos postos de traballo no marco do programa "Depuemprego 2016-2017", mediante o sistema de concurso-oposición:

"BASES DA CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL AO AMPARO DO PROGRAMA DEPUEMPREGO 2016-2017, MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICION.

1ª.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

A presente convocatoria ten por obxecto a selección de persoal laboral temporal para os seguintes postos de traballo no marco do programa "Depuemprego 2016-2017" financiado pola Deputación Provincial de Lugo ao amparo do convenio de colaboración asinado entre o Concello de Guitiriz e a Deputación de Lugo en data 23/09/2016:

- 3 peóns de servizos múltiples por un periodo de 6 meses a xornada completa para o mantemento da estradas urbanas de Guitiriz e Parga.
- 2 Conserxe-condutor por un periodo de 6 meses a xornada completa para atención nos servizos municipais de Centro de Día, actividades no Pavillón municipal, peregrinos e actividades culturais.
- 1 arquivista por un periodo de 6 meses a xornada completa para poner ao día o arquivo municipal, axilizando así a tramitación de expedientes.
- 1 Dinamizador sociocultural por un periodo de 6 meses a xornada completa para poner en marcha a biblioteca e coordinar e programar actividades culturais.

A modalidade dos contratos laborais serán de duración determinada regulados no artigo 15.1 do texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, aprobado por Real decreto legislativo 2/2015, de 23 de outubro.

A presente convocatoria e bases será obxecto de publicación no BOP de Lugo, no taboleiro de anuncios, na páxina web do Concello de Guitiriz, na sede electrónica do Concello de Guitiriz (guitiriz.sedelectronica.gal), e na páxina web da Deputación Provincial de Lugo. O resto de actos do proceso selectivo que deban ser obxecto de publicidade serán publicados no taboleiro de anuncios do Concello, na páxina web do Concello de Guitiriz, e na sede electrónica do Concello de Guitiriz (guitiriz.sedelectronica.gal).

As presentes contratacións están financiada ao cento por cento pola subvención concedida polo Convenio de Colaboración asinado coa Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Guitiriz para a execución de obras, servizos e emprego ao abeiro do programa DEPUEMPREGO. A contía das retribucións e cotas da Seguridade Social serán imputables ás partidas do orzamento corrente de gastos do Concello de Guitiriz.

2ª.- POSTOS DE TRABALLO E COMETIDOS FUNCIONAIS.

Os cometidos funcionais de cada posto de traballo convocado son os seguintes:

- 3 peóns de servizos múltiples por un periodo de 6 meses a xornada completa:

- Operario do servizo de auga potable e saneamento, recollida de residuos e limpeza viaria, coas tarefas propias destes servizos.
- Operario da brigada verde, coas tarefas propias do servizo: limpeza e mantemento de espazos públicos, vías públicas, camiños, rutas de senderismo, zonas verdes, parques,

Concello de Guitiriz

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 Lugo. Tfno. 982370109. Fax: 982372178





Concello de Guitiriz

xardíns, instalacións deportivas.

-Operario de obras ou servizos de reparación ou mantemento municipais.

O salario mensual será de 912,94 euros brutos e a parte proporcional da paga extra, máis o incremento anual que corresponda segundo as leis de orzamentos xerais do Estado.

-2 Conserxe-condutor por un periodo de 6 meses a xornada completa:

-Conserxería nos servizos municipais de Centro de Día, actividades no Pavillón municipal, peregrinos e actividades culturais.

-Condutor dos distintos vehículos municipais.

O salario mensual será de 941,54 euros brutos e a parte proporcional da paga extra, máis o incremento anual que corresponda segundo as leis de orzamentos xerais do Estado.

-1 arquiveiro por un periodo de 6 meses a xornada completa:

-Controlar a xestión documental

-Organizar e describir os fondos documentais

- Facilitar ao concello o préstamo e a utilización dos datos contidos nos documentos

-Garantir o acceso da cidadanía á información e aos documentos dacordo coa lexislación vixente

- Manter o segredo das informacións ou documentos que por disposición legal non se deban divulgar.

- Conservar o patrimonio documental

- Difundir, se é o caso, os documentos que custodien a través de actividades de divulgación e de formación.

- Todas aquelas que se corresponden co posto do traballo.

O salario mensual será de 1.340,69 euros brutos e a parte proporcional da paga extra, máis o incremento anual que corresponda segundo as leis de orzamentos xerais do Estado.

-1 Dinamizador sociocultural por un periodo de 6 meses a xornada completa:

-Desenvolver os programas culturais do concello

-Realización de programas de apoio na biblioteca municipal e en xuventude

-Aqueles outras que se deriven do seu posto de traballo.

O salario mensual será de 1.030,88 euros brutos e a parte proporcional da paga extra, máis o incremento anual que corresponda segundo as leis de orzamentos xerais do Estado.

3ª.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

Para formar parte nas probas de selección, será necesario reunir os requisitos establecidos no artigo 56 do texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, aprobado por Real decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro:

Idade: Ter cumpridos os dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

Nacionalidade: a) Ter a nacionalidade española sen prexuízo do disposto no artigo

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

57 da texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, aprobado por Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro.

Capacidade: Non padecer enfermidade nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións. As persoas con minusvalías deberán aportar certificación do correspondente organismo, facendoo constar asemade na instancia, sinalando si precisan adaptacións para realización das probas e especificando tales adaptacións.

Habilitación: Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin encontrarse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non encontrarse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao empregado público.

Titulación: Estar en posesión da seguintes titulacións:

- Título de Certificado de escolaridade ou equivalente, ou titulación superior para os postos de Peón de servizos múltiples e Conxerxe-Conductor de servizos múltiples.
 - Título de bacharelato ou equivalente con formación en monitor/a de ocio e tempo libre para o posto de animador sociocultural.
 - Título de Grao en Ciencias de la Información e Documentación, Licenciatura en Documentación, Diplomatura en Biblioteconomía e Documentación, Grao en Historia, e demais titulacións oficiais que capacitan para a profesión de arquivista/a.
- No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberá estarse en posesión da credencial que acredite a súa homologación.

Outros requisitos: Os aspirantes ao posto de conxerxe-conductor deberán ter o carne de conducir tipo B.

Tódolos requisitos relacionados con anterioridade posuiranse polo aspirante no momento de remata-lo prazo de presentación de instancias, debendo de continuar en posesión dos mesmos ata o momento de formalización do contrato.

4ª.- INSTANCIAS.

4.1.- Os que desexen formar parte no concurso-oposición, deberán presentar solicitude no modelo oficial que estará a disposición dos interesados nas dependencias administrativas do Concello de Guitiriz e na paxina web do Concello de Guitiriz (www.concellodeguitiriz.com), dirixidas á Sr.a Alcaldesa-Presidenta do Concello de Guitiriz, ou por medio dos restantes medios admitidos legalmente. O Concello de Guitiriz reservase a posibilidade de facer oferta ó servizo público de emprego.

4.2.- Para ser admitido ó concurso-oposición os aspirantes manifestarán na súa solicitude de participación, que reúnen todas e cada unha das condicións esixidas na Base 3ª, referidas sempre á data de expiración do prazo de presentación de instancias.

Concello de Guitiriz

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 Lugo. Tfno. 982370109. Fax: 982372178





Concello de Guitiriz

A autoridade convocante, por si ou a proposta do Tribunal, deberá dar conta ós órganos competentes das inexactitudes ou falsedades en que pudiesen incurrir aspirantes, para os efectos procedentes.

4.3.- Coas instancias deberanse acompañar tódolos documentos xustificativos dos méritos alegados conforme ao baremo que figura na convocatoria. A falta de acreditación dos méritos alegados, determinará a imposibilidade de valoración dos mesmos.

4.4.- O prazo de presentación de instancias será de 10 días naturais, contados a partir do seguinte ó da publicación das bases no BOP de Lugo.

4.5.- As instancias presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Guitiriz (rúa do Concello, nº4 de Guitiriz), ou ben nos lugares e na forma que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento administrativo Común das Administracións Públicas. Deberá de adxuntarse a seguinte documentación:

- Fotocopia do D.N.I.
- Xustificante da titulación esixida (copia autenticada do título académico).
- Documentación xustificativa da fase de concurso.

Se a solicitude se presentara por correo ou nun rexistro diferente ao do Concello de Guitiriz se deberá remitir ao Fax do Concello (982372178) antes da data de expiración do prazo o documento xustificativo correspondente.

4.6.- Os erros materiais ou de feito e os aritméticos que se puidesen advertir, poderanse rectificar en calquera momento, de oficio ou petición do interesado.

5ª.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

5.1.- Rematado o prazo de presentación de instancias, a Sra. Alcadesa ditará resolución declarando aprobada a lista provisional de admitidos, así como a de excluídos xuntamente coas causas que motivaron a exclusión. O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos na base terceira.

Esta resolución publicarase no Taboleiro de Edictos, na páxina web do Concello de Guitiriz, e na sede electrónica do Concello de Guitiriz (guitiriz.sedelectronica.gal).

5.2.- Perante o prazo de 5 días, de conformidade co previsto no art. 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento administrativo Común das Administracións Públicas, poderanse corrixir os defectos a que se alude no referido artigo, e formular as reclamacións ás listas provisionais. De non presenta-la solicitude de rectificación ou reclamación no indicado prazo, decaerá no seu dereito, sendo excluído definitivamente da lista de aspirantes.

5.3.- Se non presentasen reclamacións á lista provisional considerarase definitiva.

5.4.- No suposto de existir reclamacións, estas serán aceptadas ou rexeitadas na mesma

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

resolución da Sra. Alcaldesa pola que se aprobe a lista definitiva dos admitidos e excluídos e a composición do Tribunal do proceso selectivo, que se fará pública na mesma forma exposta con anterioridade.

6ª.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

6.1.- O Tribunal Cualificador, estará constituído da seguinte forma:

Presidente/a: O persoal funcionario da Corporación que se nomee.

Secretaria/o: O secretario da Corporación ou funcionario da Corporación que lle substitúa.

Vogais: Tres vogais persoal funcionario ou laboral fixo dunha administración local designados/as pola Alcaldía

Os membros do tribunal deberán posuír titulación ou especialización iguais ou superiores ós esixidos para o acceso ao posto convocado.

6.2.- Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo á autoridade convocante, cando concorran neles algunhas das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. Así mesmo, os interesados poderán promover a recusación de acordo co sinalado no artigo 24 da citada norma.

6.3.- O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia, cando menos, de tres dos seus membros.

6.4.- O Tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes tódalas dúbidas e propostas que xurdan para aplicación das normas contidas nestas bases e estará facultado para resolver as cuestións que se poidan suscitar durante a valoración dos méritos, así como adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde do concurso-oposición en todo o que non estea previsto nas Bases.

Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento administrativo Común das Administracións Públicas.

6.5.- O Tribunal poderá dispoñer da incorporación ós seus traballos de asesores especialistas cando as circunstancias ou a valoración dos méritos así o aconselle.

6.6.- A Resolución que conteña a composición do Tribunal e a data, hora e lugar en que se procederá á realización do primeiro exercicio da fase de oposición, publicarase no Taboleiro de Edictos, na páxina web do Concello de Guitiriz, e na sede electrónica do Concello de Guitiriz (guitiriz.sedelectronica.gal).

6.7.- Os membros do Tribunal terán dereito a asistencias pola súa participación nas sesións do Tribunal de acordo co disposto no artigos 1.1d) e 27.1b), 29 e 30 e Anexo IV do RD 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

7ª.- PROCEDIMIENTO DE SELECCIÓN.

Concello de Guitiriz

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 Lugo. Tfno. 982370109. Fax: 982372178



Cod. Validación: 9CG6X27F2RG32TK2KQZRF4Y | Corrección: <http://guitiriz.sedelectronica.gal>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 17



Concello de Guitiriz

O procedemento de selección será o de concurso-oposición.

7.1. FASE DE OPOSICION (Puntuación máxima 10 puntos)

7.1.1. EXAME TIPO TEST. Consistirá en contestar por escrito un cuestionario de 20 preguntas con 3 respostas alternativas das que só unha será correcta, referidas ao contido dos postos de traballo. Nos anexos II a V das bases constan os distintos temarios para cada posto de traballo.

O tempo máximo para a realización deste exercicio será de 30 minutos.

O exame calificarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 5 puntos para superar a proba. As respostas correctas valoraránse cada unha con 0,5 puntos. As non contestadas ou contestadas incorrectamente non penalizarán.

7.1.2. PROBA DE COÑECEMENTO DE GALEGO. Consistirá na tradución dun texto de contido administrativo de castelán ao galego nun tempo máximo de 30 minutos.

Terá carácter obrigatorio e eliminatorio para aqueles aspirantes que no acrediten antes da súa realización estar en posesión do título de CELGA 3 ou equivalente.

Este exercicio será cualificado de apto ou non apto, sendo eliminados aqueles aspirantes que non sexan declarados aptos.

7.2. FASE DE CONCURSO (Puntuación máximo 9 puntos)

A) Experiencia profesional (puntuación máxima: 3 puntos)

Por cada mes completo de servizos prestados en calquera administración pública mediante relación laboral ou funcionarial ou en empresa privada no posto de traballo ao que aspira: 0,10 puntos.

En caso de contratación a tempo parcial valoraranse os servizos prestados de forma proporcional.

Os méritos do apartado A) acreditaranse mediante informe de vida laboral acompañado de certificación dos servizos prestados (no caso de administracións públicas), ou de contratos de traballo (no caso de traballos en empresas privadas).

B) Formación (puntuación máxima: 3 puntos)

Valoraranse os títulos e cursos de formación e perfeccionamento recibidos relacionados coas funcións a desenvolver, impartidos por organismos ou institucións oficiais dependentes das administracións públicas ou homologados por estas.

Valorarase a seguinte formación relacionada co posto de traballo ao que aspira do seguinte xeito:

- Cursos de formación: 0,1 puntos por cada 10 horas lectivas de formación relacionada.
- Masters ou estudos superiores: 1 punto por cada 100 horas de formación relacionada.

Concello de Guitiriz

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 Lugo. Tfno. 982370109. Fax: 982372178





Concello de Guitiriz

Non se valorarán os cursos que non especifiquen o número de horas. Valoraranse en todo caso os cursos sobre prevencións de riscos laborais e seguridade e hixiene no traballo.

C) Coñecemento da lingua galega (puntuación máxima: 1 punto)

- Celga 4, equivalente ou superior: 1 punto.

D) Circunstancias persoais (puntuación máxima: 2 puntos).

De acordo co esixido no Convenio de Colaboración asinado coa Deputación Provincial de Lugo que financia estas contratacións ao abeiro do programa DEPUEMPREGO, valoraranse as seguintes circunstancias de colectivos con especiais dificultades de inserción laboral:

- Parados de longa duración: 1 pto.
- Persoas con discapacidade: 1 pto.
- Vítimas de violencia de xénero: 1 pto.
- Familias monoparentais: 1 pto.
- Maiores de 45 anos: 0.5 ptos.

Unha vez efectuada polo Tribunal a valoración dos méritos se publicará no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello a puntuación obtida na fase do concurso.

7.3. PUNTUACION TOTAL

A puntuación total de cada aspirante no proceso selectivo virá determinada pola suma dos puntos acadados na fase de concurso e na fase de oposición, que será entre 0 e 19 puntos.

O Tribunal de Selección determinará a lista provisional de aprobados e a orden provisional dos integrantes de cada posto, que será publicada no Taboleiro de Edictos, na páxina web do Concello de Guitiriz, e na sede electrónica do Concello de Guitiriz (guitiriz.sedelectronica.gal) a efectos de posibles reclamacións durante un prazo de tres días, que serán resoltas polo Tribunal.

8ª.- LISTA DE APROBADOS E BOLSA DE TRABAJO

8.1.- Rematada as dúas fases anteriores o Tribunal publicará no Taboleiro de Edictos, na páxina web do Concello de Guitiriz, e na sede electrónica do Concello de Guitiriz (guitiriz.sedelectronica.gal) a relación dos candidatos por orden da puntuación obtida, coa indicación da puntuación acadada en cada unha das fases do proceso selectivo.

En caso de empate será nomeado o aspirante que tivese maior puntuación na fase de oposición, e se persiste o empate o aspirante que tivese maior puntuación no primeiro exercicio da fase de oposición.

8.2.- O Tribunal elevará a proposta, ademais da acta da derradeira sesión, á Sra. Alcadesa para que proceda á resolución do expediente de selección de persoal e o nomeamento como persoal funcionario interino.

8.3.- O Tribunal non poderá aprobar nin declarar que superaron a selección un número superior de aspirantes ao do posto convocado. Calquera proposta de aprobados que contraveña ó anteriormente establecido será nula de pleno dereito.

Concello de Guitiriz

Rua do Concello nº4, Guitiriz, 27300 Lugo. Tfno. 982370109. Fax: 982372178





Concello de Guitiriz

8.4.- Os candidatos que superasen todos os exercicios e non consigan o posto de traballo pasarán a formar parte dunha bolsa de traballo para futuras contratacións temporais (substitucións de baixas, maternidade, acumulación de tarefas, etc...) dentro do mesmo programa Depuemprego que ten unha duración ata o día 30/10/2017, de tal maneira que, se o Concello precisa cubrir unha baixa ou persiste a acumulación de tarefas nalgún destes servizos, acudirá a dita bolsa seleccionando o primeiro deles. Soamente poderá seleccionar ao seguinte cando aquel rexeitara o posto, o que suporá pasar ó final da lista, salvo que se de a circunstancia de estar de baixa por incapacidade laboral o que deberá xustificarse aportando a documentación necesaria.

9ª.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS.

9.1.- O aspirantes seleccionados en primeiro lugar, no prazo de cinco días naturais contados dende o día seguinte a aquel no que se fixese pública a lista de aprobados, deberá presentar na secretaría do Concello de Guitiriz, os seguintes documentos, agás os que xa obren no expediente:

- a) Copia autenticada, ou fotocopia que deberá presentarse co orixinal para a súa compulsa, do D.N.I.
- b) Copia autenticada, ou fotocopia que deberá presentarse acompañada do orixinal para a súa compulsa, do título esixido na convocatoria.
- c) Certificación médica acreditativa de non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das funcións do posto de traballo.
- d) Declaración formal, baixo xuramento ou promesa, de non haber sido separado mediante expediente disciplinario, do servizo ás Administracións Públicas, nen se atopar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.
- e) Declaración formal, baixo xuramento ou promesa, de non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente.

9.2.- Os que tivesen a condición de funcionarios públicos ou persoal laboral, estarán exentos de xustificar documentalmente as condicións e requisitos xa amosados para obter o seu anterior nomeamento, debendo presentar certificación da administración da que dependeran para acreditar tal condición.

9.3.- Os que dentro do prazo sinalado, agás nos casos de forza maior, non presentasen a documentación esixida, non poderán ser nomeados, sen prexuízo da responsabilidade en que houberen podido incorrer por falsidade dimanante da solicitude para participar no concurso-oposición.

10ª. PUBLICIDADE.

As presentes bases serán publicadas no BOP de Lugo, no taboleiro de anuncios, na páxina web do Concello de Guitiriz, e na sede electrónica do Concello de Guitiriz

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

(guitiriz.sedelectronica.gal). Tamén serán enviadas á Deputación de Lugo para que sexan publicadas na páxina web da Deputación Provincial de Lugo de conformidade co disposto na cláusula quinta do Convenio de Colaboración asinado coa Deputación Provincial de Lugo para a execución de obras, servizos e emprego ao abeiro do programa DEPUEMPREGO. NO mesmo sentido, comunicaranse ao servizo de emprego da Deputación de Lugo para a súa difusión en cumprimento da cláusula sétima do citado convenio.

11ª.- INCIDENCIAS E LEXISLACION APLICABLE.

O Tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que se presentaren e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo canto non estea previsto nestas bases.

En todo o non previsto nestas bases, serán de aplicación ás probas selectivas as seguintes disposicións:

Esta contratación laboral rexerese polo disposto:

-No artigo 15.1 a) do Texto Refundido do Estatuto dos traballadores aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto Refundido do Estatuto dos Traballadores.

-Lei 30/1984, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública (naquelas disposicións aínda vixentes e que sexan básicas)

-Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

-Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto legislativo 781/1986, de 13 de xuño (naquelas disposicións básicas).

- Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia.

-Lei 5/1997, de 22 de xullo, da administración local de Galicia.

-Texto refundido da Lei de igualdade das mulleres de Galicia.

-Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local.

-Real decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración do Estado e demais disposicións aplicables.

-Lei 53/1984, 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas.

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento administrativo Común das Administracións Públicas.

-Así mesmo esta contratación rexerese polo establecido no Convenio de Colaboración asinado coa Deputación Provincial de Lugo para a execución de obras, servizos e emprego ao abeiro do programa DEPUEMPREGO.

12ª.- NORMA FINAL.

As presentes bases, así como cantas actos administrativos se deriven dela e da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecida na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento administrativo Común das Administracións Públicas.

ANEXOS (I, II, III, IV, V)"

Concello de Guitiriz

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 Lugo. Tfno. 982370109. Fax: 982372178



Cod. Validación: 9CG6X27F2RGG32TK2KQZRF4Y | Corrección: http://guitiriz.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 12 a 17



Concello de Guitiriz

TERCEIRO.- Convocar o proceso selectivo de acordo co establecido nas bases da convocatoria mediante a publicación dos correspondentes anuncios e as bases integras no BOP de Lugo, na páxina web do Concello de Guitiriz e na sede electrónica do Concello de Guitiriz (guitiriz.sedelectronica.gal).

CUARTO.- Aos efectos das indemnizacións aos membros do Tribunal polas asistenciais as sesións do Tribunal previstas nos artigos 1.1d) e 27.1b), 29 e 30 e Anexo IV do RD 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, os distintos tribunais terán as seguintes categorías, e prevense un número máximo de 2 sesións (10 asistenciais) en cada un deles (30 asistenciais) a realizar fora da xornada ordinaria de traballo:

- Peón de servizos múltiples e conserxe-condutor: Categoría terceira.
- Arquiveiro: Categoría primeira.
- Dinamizador sociocultural. Categoría segunda.

QUINTO.- Comunicar o presente acordo aos departamentos municipais afectados para o seu coñecemento e efectos oportunos.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

A alcaldesa
Regina Polín Rodríguez

ANEXOS (I, II, III, IV, V)

ANEXO I

SOLICITUDE DE PARTICIPACION NA SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL
PARA O PROGRAMA DEPUEMPREGO 2016-2017

Concello de Guitiriz

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 Lugo. Tfno. 982370109. Fax: 982372178



Cod. Validación: 9CG6X27F2RG32TK2KQ2ZRF6AY | Corrección: <http://guitiriz.sedelectronica.gal>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 13 a 17



Concello de Guitiriz

1.- POSTO DE TRABALLO A QUE ASPIRA:

2.- DATOS PERSOAIS:

.....
PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME
.....
DATA DE NACEMENTO	LUGAR DE NACEMENTO	PROVINCIA DE NACEMENTO
.....
DNI	DOMICILIO	TELEFONO
.....
MUNICIPIO	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL

3.-A CUBRIR POR PERSOAS CON MINUSVALÍA:

4.-DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA.-

A.Fotocopia do DNI.

B.Fotocopia compulsada das titulacións, e demais requisitos específicos esixidos na base 3.1 da convocatoria.

C.Fotocopia de todos os documentos xustificativos dos méritos que se aleguen. Non se tomarán en conta nin serán valorados aqueles que non queden debidamente acreditados en todos os seus extremos no momento da presentación da instancia.

O abaixo asinante SOLICITA ser admitido/a ao proceso selectivo publicado BOP de Lugo a que se refire a presente instancia, e declara que son certos os datos obrantes nela, e que reúne os requisitos xerais e específicos do posto ao que aspira esixidos na base terceira das bases da convocatoria, que declara coñecer, comprometéndose a probar documentalmente calquera dato que lle requira o Concello.

En a de de 2017

Sinatura

SRA. ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE GUIRITIZ

ANEXO II - TEMARIO EXERCICIOS PEON DE SERVIZOS MULTIPLES

1. A Constitución Española e conceptos básicos de dereito administrativo: A Constitución Española de 1978, Estructura e Principios xerais; A administración pública e as potestades administrativas; o administrado e o procedemento administrativo

Concello de Guitiriz

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 Lugo. Tfno. 982370109. Fax: 982372178



Cod. Validación: 9CG6X27F2R632TK2KQ2ZRF4Y | Corrección: http://guitiriz.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 14 a 17



Concello de Guitiriz

común.

2. Conceptos básicos de réxime local: O municipio, o termo municipal, a poboación municipal, a organización municipal (o alcalde, tenentes de alcalde, o pleno e a xunta de goberno local), as competencias municipais. A Organización do Concello de Guitiriz.
3. Equipos e máquinas de limpeza e desbroce de camiños públicos
4. Equipos e máquinas de construción e eléctricas.
5. Diferentes materiais e ferramentas da construción
6. Seguridade e saúde nos traballos de mantemento. Precaucións especiais na utilización de traballos, maquinaria e materiais.
7. Medidas de protección. Equipos de protección individual. Métodos xerais de protección de accidentes. Primeiros auxilios ao accidentado.

ANEXO III - TEMARIO EXERCICIOS CONSERXE-CONDUTOR

1. A Constitución Española e conceptos básicos de dereito administrativo: A Constitución Española de 1978, Estructura e Principios xerais; A administración pública e as potestades administrativas; o administrado e o procedemento administrativo común.
2. Conceptos básicos de réxime local: O municipio, o termo municipal, a poboación municipal, a organización municipal (o alcalde, tenentes de alcalde, o pleno e a xunta de goberno local), as competencias municipais. A Organización do Concello de Guitiriz.
3. Normas xerais de comportamento da circulación: actividades que afectan á seguridade da circulación. Tipos e significados das sinais de circulación e marcas viais. Sinalización de obstáculos ou perigos. Mantemento sistemático e reparacións elementais dun vehículo. Avarías, síntomas, reparacións de emerxencia.
8. Coñecemento do termo municipal de Guitiriz: rreiro, parroquias e lugares.

ANEXO IV - TEMARIO EXERCICIOS ANIMADOR SOCIOCULTURAL

1. A Constitución Española e conceptos básicos de dereito administrativo: A Constitución Española de 1978, Estructura e Principios xerais; A administración pública e as potestades administrativas; o administrado e o procedemento administrativo común.

Concello de Guitiriz

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 Lugo. Tfno. 982370109. Fax: 982372178



Cod. Validación: 9CG6Y27F29GG32TK2KQ2ZRF6AY | Corrección: http://guitiriz.sedelectronica.gal | Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 15 a 17



Concello de Guitiriz

2. Conceptos básicos de réxime local: O municipio, o termo municipal, a poboación municipal, a organización municipal (o alcalde, tenentes de alcalde, o pleno e a xunta de goberno local), as competencias municipais. A Organización do Concello de Guitiriz.
3. A animación sociocultural: Concepto, obxectivos e funcións. Animación sociocultural e valores.
4. Outros conceptos próximos: educación permanente, educación formal e non formal, educación informal e educación de adultos.
5. O/A Animador/a Sociocultural. Ámbito profesional e tipos.
6. Funcións, valores, capacidades e actitudes do animador/a sociocultural.
7. Rol en la intervención de programas socioculturales. La colaboración con otros/as Profesionales.

ANEXO V - TEMARIO EXERCICIOS ARQUIVEIRO

1. A Constitución Española e conceptos básicos de dereito administrativo: A Constitución Española de 1978, Estructura e Principios xerais; A administración pública e as potestades administrativas; o administrado e o procedemento administrativo común.
2. Conceptos básicos de réxime local: O municipio, o termo municipal, a poboación municipal, a organización municipal (o alcalde, tenentes de alcalde, o pleno e a xunta de goberno local), as competencias municipais. A Organización do Concello de Guitiriz.
3. Archivos administrativos: arquivos de oficina. Concepto. Funcións. Tratamento documental. Instrumentos de control.
4. As agrupacións documentais ou categorías archivísticas: fondos, seccións, unidades documentais.
5. A normalización na descrición archivística: Normas ISAD (G) e ISSAR (CPF).

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

6. O sistema de xestión documental. O proceso de implementación dun sistema de xestión documental nunha institución (especial referencia aos concellos): conceptos, funcións e finalidades.
7. O documento informático e a seguridade Xurídica. Repercusión no arquivo.
8. O arquivo da documentación: os procesos do tratamento documental que reciben os expedientes e documentos. A xestión dos depósitos do arquivo.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE
Alcaldesa de Guitiriz,
Regina Polín Rodríguez

E para que conste, para os efectos oportunos no expediente da súa razón, de orde e co V.º B.º do Sr. Alcalde, coa excepción prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, expídese a presente.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Guitiriz

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 Lugo. Tfno. 982370109. Fax: 982372178

